

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 3 DE XUÑO DE 2010

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaoto horas e cinco minutos do día tres de xuño de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don José Antonio López Rodríguez, don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López, don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias celebrada en datas 4 de marzo de 2010 e 8 de abril de 2010.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o sr. alcalde-presidente pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 4 de marzo de 2010 e 8 de abril de 2010, previamente remitidas coa convocatoria, sen que se produza obxección ou observación ningunha.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

**A aprobación das actas do Pleno da corporación de datas 4 de marzo de 2010 e 8 de abril de 2010.**

2º.- Moción do grupo municipal do PP en contra do subida do ive.

A continuación dáse conta do ditame desfavorable da Comisión de Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 21 de maio de 2010 que, transcrito literalmente di:

“PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Xunta de Galiza e ao goberno do Estado a deseñar cadanseu Plan de Revisión das Políticas Fiscais, que dote de maior progresividade ao sistema tributario,

incrementando o esforzo fiscal das rendas máis altas, coa finalidade de garantir tanto a sustentabilidade e suficiencia das finanzas públicas como o mantemento das actuais prestacións e servizos públicos

SEGUNDO.- Instar ao goberno de España e ás Cortes Xerais a establecer o tipo reducido do IVE (7%) a determinados servizos intensivos de man de obra como os de pintura, fontanería, electricidade e carpintería para fomentar o consumo, ampliar bases de recaudación, e desincentivar a economía sumerxida e o tipo superreducido (4%) para os servizos de hostelería, camping e balneario, os de restaurantes e, en xeral, o suministro de comidas e bebidas e ao transporte de persoas e dos seus equipaxes.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno de España e ás Cortes Xerais a deseñar un sistema tributario xusto que permita establecer rebaixas selectivas de impostos para contribuir á dinamización da economía

CUARTO.- Instar ao goberno á inmediata negociación cos partidos políticos e asociacións máis representativas do ámbito local, da reforma conxunta do sistema de financiamento e do goberno lcoal, que dote aos Entes Locais dun marco institucional, competencial e financeiro adecuado para facer fronte á difícil situación actual.

QUINTO.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, á vicepresidenta Segunda e Ministra de Economía, ao Vicepresidente Terceiro e Ministro de Política Territorial, e aos Portavoces Parlamentarios das Cortes e do Parlamento de Galicia.”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido reitera o xa dito na Comisión, que a subida do IVE vai supoñer un estancamento do consumo e que este se retrotraia, polo que consideran que esta medida non se debe tomar neste momento.

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido manifesta que eles na Comisión emendaron esta moción xa que coinciden na idea de que a subida do IVE é inxusta e desproporcionada, xa que pretende aumentar a recadación e desincentivar o consumo e afecta a toda a poboación por igual independentemente do poder adquisitivo que se teña, polo que eles entenden que hai que tomar outro tipo de medidas e por iso lle propuxeron ao grupo municipal do PP dúas emendas, a primeira si foi aceptada e a segunda foi rexeitada e isto é o que condiciona o sentido do voto do BNG, xa que non comparten a aplicación do tipo superreducido do 4%, que é para bens de primeira necesidade, para os servizos de hostalería, cámping e balneario, os de restaurantes e, en xeral, o subministro de comidas e bebidas e ao transporte de persoas e das súas equipaxes, é dicir, reducir o IVE do turismo en xeral xa que dende o punto de vista do BNG non é unha medida proporcionada; que no Congreso dos Deputados se aprobou por maioría unha proposta na que o BNG propuxo reducir os tipos na alimentación, coma pode ser a carne e o peixe, xa que esta medida beneficia á poboación en xeral e en particular a poboación con menos recursos e non reducir o IVE no turismo, en restaurantes ou hoteis; que por iso, aínda que están de acordo en que a subida do IVE é unha medida absolutamente inxusta, que non é unha medida de esquerdas ou progresista tampouco coinciden nesta medida de rebaxar o IVE ao tipo superreducido, xa que este tipo debe ser para produtos de primeira necesidade ou sectores moi concretos coma a cultura ou educación, e este é o motivo polo que van manter o seu voto en contra.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que expón en xeral están en contra da subida do IVE, que coincide coa anterior exposición de que o IVE afecta a todos por

igual, indistintamente do seu poder adquisitivo, que se debe gravar determinados artigos coma pode ser os vehículos de gran cilindrada, iates ou segundas e terceiras vivendas; que non comparte a moción no senso de que isto axuda ao pequeno empresario e que para isto hai outras fórmulas máis axeitadas coma que existira unha banca pública cuns xuros baixos para as pequenas empresas, xustificando deste modo o seu voto en contra da moción.

Seguidamente intervén o sr. alcalde-presidente que manifesta que o Partido Socialista votou en contra na Comisión e votará tamén en contra neste Pleno por dúas cuestións fundamentais, primeiro porque a proposta que se formula é hipócrita, no sentido de que está seguro de que non sería a política que eles farían se estivesen no goberno deste país e segundo porque entenden que é un tanto catastrofista en canto ás consecuencias que prevé pola subida do IVE; que en tempos de bonanza económica se poden reducir impostos, coma así o fixo este goberno e nunha etapa de crise na que se reducen os ingresos do Estado notablemente hai dúas solucións ou subir os impostos, dentro duns límites aceptables, para manter o estado do benestar ou directamente reducir políticas sociais; continúa sinalando que a previsión é catastrofista e a xustifica por varios motivos, en España a presión fiscal está nun 30,4%, tres puntos por debaixo que cando gobernaba o PP e por debaixo da eurozona, que o IVE está nuns niveis dos máis baixos de Europa, as prestacións sociais, deixando a un lado os países nórdicos que levan moitos máis anos de vantaxe, son de primeiro nivel e as infraestruturas tamén; que só se aumenta o IVE xeral e o reducido e que o IVE superreducido que é para alimentación de primeira necesidade, medicamentos, libros, vivendas de protección oficial, etc non se toca; con todo isto se prevé incrementar os ingresos do Estado en cinco mil millóns de euros que servirán para manter as medidas de protección social, polo que xustifica deste xeito o seu voto en contra.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedida, manifesta que é razoable o dito polo BNG no sentido de que os hoteis, balnearios e demais establecementos de luxo non se lles aplique o tipo superreducido, polo que si a súa emenda se transforma nese sentido non terían ningún inconveniente en a acoller, xa que nestes casos dá igual o tipo de IVE que se lles aplique; respecto da intervención do sr. alcalde respóndelle dicindo que os tempos de hoxe en día son consecuencia de quen goberna, que non se pode sacar peito e hai que ser máis humilde xa que se está a atacar aos sectores máis débil da sociedade, aos funcionarios, aos pensionistas e aos propios concellos, que son os que xa estaban padecendo a asfixia económica e a seguen a padecer, en cambio, non se aplica as reducións aos Ministerios de Igualdade, da Vivienda e outros cos que se podería facer un aforro moi importante, sen esquecerse do Plan E no que se gastaron quince mil millóns de euros que agora hai que aforrar a conta de pensionistas, funcionarios e dos concellos.

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta respecto das emendas en Comisión presentaron un escrito, unha foi aceptada e a outra non, se aceptou a que era unha cuestión máis formal e se deixou a que era unha cuestión máis de fondo, que consistía en eliminar esa petición de IVE superreducido do 4%, que é para bens de primeira necesidade para os servizos de hostalería, cámping e balneario, os de restaurantes e, en xeral, o subministro de comidas e bebidas e ao transporte de persoas e das súas equipaxes, ademais coma esta moción ven tarde, coincidiu que este debate xa se deu no Congreso dos Deputados, que se aprobou cos votos do BNG, PP e demais grupos da Cámara, no que o PSOE ou se abstuvo ou votou en contra, e viña a recoller a redución no tema da alimentación, na carne e no peixe, xa que os produtores estaban mercando a un prezo e vendendo a outro prezo de IVE, afectando incluso á alimentación do gando, para que se poida mercar os pensos ao 4% e non ao 7% reducindo os diferenciais de IVE en contra dos produtores, que ao baixar a alimentación ao tipo superreducido tamén gaña a hostalería, xa que obtén un diferencial impositivo positivo;

en todo caso si se aceptan as súas dúas emendas, votarían a favor da moción. Di que o que non lles parece lóxico é vir a dicir que hai un incremento impositivo a través do IVE e que somos un país cunha menor conxelación fiscal, que o sistema fiscal ten que ser xusto e progresivo.

De seguido intervén o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que a primeira emenda xa está recollida e aceptada e a segunda si se lle engade a excepción de ter en conta a categoría dos establecementos hostaleiros.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que descoñece se é graduable, que se é posible facer isto, facer esa disgregación dende un punto de vista técnico, non teñen ningún problema.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión de Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 21 de maio de 2010, coas emendas formuladas polo grupo municipal do PP e do BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor : Dez (10), (dos Sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértola Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Sete (7), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira e Rey Sampayo).

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Xunta de Galiza e ao goberno do Estado a deseñar cadanseu Plan de Revisión das Políticas Fiscais, que dote de maior progresividade ao sistema tributario, incrementando o esforzo fiscal das rendas máis altas, coa finalidade de garantir tanto a sustentabilidade e suficiencia das finanzas públicas como o mantemento das actuais prestacións e servizos públicos**

**SEGUNDO.- Instar ao goberno de España e ás Cortes Xerais a establecer o tipo reducido do IVE (7%) a determinados servizos intensivos de man de obra como os de pintura, fontanería, electricidade e carpintería para fomentar o consumo, ampliar bases de recadación, e desincentivar a economía somerxida e o tipo superreducido (4%) para os servizos de hostalería, cámping e balneario, os de restaurantes e, en xeral, o suministro de comidas e bebidas e ao transporte de persoas e dos seus equipaxes, tendo en conta a categoría das establecementos hostaleiros, se tecnicamente é posible.**

**TERCEIRO.- Instar ao Goberno de España e ás Cortes Xerais a deseñar un sistema tributario xusto que permita establecer rebaixas selectivas de impostos para contribuír á dinamización da economía**

**CUARTO.- Instar ao goberno á inmediata negociación cos partidos políticos e asociacións máis representativas do ámbito local, da reforma conxunta do sistema de financiamento e do goberno local, que dote aos Entes Locais dun marco institucional, competencial e financeiro adecuado para facer fronte á difícil situación actual.**

**QUINTO.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, á vicepresidenta Segunda e Ministra de Economía, ao Vicepresidente Terceiro e Ministro de Política**

## **Territorial, e aos Portavoces Parlamentarios das Cortes e do Parlamento de Galicia.**

3º.- Moción do grupo municipal do BNG contra os recortes sociais aprobados polo goberno do Estado.

A continuación dáse conta do ditame da Comisión de Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de maio de 2010 que acordou ditaminar favorablemente que o Pleno acorde:

“1. Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras.

2. Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:

a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.

b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.

c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatus xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal.

d) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introdución dun imposto de grave os movementos especulativos de capital.

e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas.

f) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.

3. Instar á Xunta de Galiza a:

a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.

b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego.”

De seguido o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, fai uso da palabra para explicar o sentido da moción proposta e procede a dar lectura da moción de data 20 de maio de 2010, que transcrita literalmente di:

“Manuel Polo Gundin portavoz GM do BNG presenta, ao abeiro da legislación vixente, para o seu debate e votación a seguinte

### **MOCIÓN CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO**

As medidas que en materia de política económica fixo públicas o goberno do Estado e que se aprobaron en Consello de Ministros o 20 de maio, coas que se pretende reducir o déficit público, concrépanse, entre outros aspectos, na conxelación das pensións contributivas para 2011, na redución do salario dos funcionarios e funcionarias nun 5%, na negativa a que se cobre retroactivamente as axudas establecidas na Lei da Dependencia e na supresión do cheque-bebe. Son medidas que significan claros recortes sociais e diminúen o poder adquisitivo da maioría da poboación, e polo tanto reducen o seu poder de compra, o que vai

dificultar un aumento do consumo e da demanda interna que son fundamentais para saír da crise.

A redución salarial aos funcionarios e funcionarias é unha medida demagóxica, na liña de que non todos os traballadores e traballadoras da función pública teñen o mesmo salario, non pasando moitos deles dos 700 euros e non superando o 53% deles os 1000 euros mensuais, pero tamén agocha unha intencionalidade nefasta para o conxunto da sociedade pois significa avanzar na privatización dos servizos públicos. Mesmamente pártese dunha premisa falsa de que o sector público está sobredimensionado, cando o número de traballadores e traballadoras públicos no Estado é inferior á media da Unión Europea, e que vai dificultar a reactivación económica posto que significa perda do poder adquisitivo e iso vai afectar ao comercio, a hostalería e ao conxunto da actividade económica.

A decisión de conxelar en 2011 as pensións contributivas resulta particularmente gravosa en Galiza, xa que contamos cunha poboación envellecida, e as pensións galegas xa se sitúan a cola do Estado. Nesta liña hai que lembrar que son precisamente as persoas pensionistas as que se sitúan na cabeza dos índices de pobreza en Galiza, na medida que boa parte dos nosos xubilados e xubiladas cotizaron no réxime especial agrario polo que as súas pensións son baixas.

A supresión das políticas de apoio a natalidade, con independencia de que na súa formulación actual non se atendese a criterios de progresividade e de renda, son necesarias, se atendemos aos problemas demográficos e á necesidade de impulsar a renovación xeracional. Neste sentido consideramos que son precisamente nos momentos de crise económica, cando é máis necesaria a posta en marcha de políticas activas nesta materia polo que consideramos absolutamente inoportuno a supresión do “cheque-bebe”, se ben defendemos a súa reformulación a fin de que só algúns tramos de rendas se beneficien do mesmo.

Tamén son especialmente negativas o resto de medidas, nomeadamente a supresión da reactividade no pago das axudas á dependencia, o que significa a alteración mesmo da normativa pola que se implementa esta lei.

O BNG considera que este paquete de medidas económicas, responden a lóxica da dereita, de pretender transferirle o custo da crise económica as clases traballadoras e aos sectores sociais máis desfavorecidos economicamente, precisamente a aquelas persoas que non tiveron ningunha responsabilidade na crise que se está a vivir e que tampouco se beneficiaron do crecemento especulativo que provocou esta situación. Hai outras saídas a crise económica, pero as propostas do Goberno entroncan directamente coas políticas do mesmo paradigma neoliberal que provocou a crise.

Hai outras políticas que permiten conter o déficit sen reducir prestacións e servizos sociais. Debe impulsarse a austeridade do gasto público vinculado a un adelgazamento da estrutura administrativa no Estado. Son necesarias medidas como a supresión de Ministerios con competencias cedidas ás Comunidades Autónomas e a supresión das Deputacións Provinciais. Ademais, no gasto militar existe moito marxe para a súa redución, nomeadamente no relativo á presenza de tropas españolas en ocupacións militares noutros países. Pero tamén se pode conter e reducir o déficit mediante un incremento dos ingresos, impulsando unha reforma fiscal que incremente a xustiza, e polo tanto o carácter progresivo do sistema, gravando máis a quen máis ten.

As medidas contidas no Decreto van agravar a situación económica. A perda do poder adquisitivo significa automaticamente unha baixa no consumo o que atrasará a recuperación económica, tal e como recoñeceu o presidente do Goberno. A prioridade do Goberno do Estado ten que ser o impulso ao crecemento económico e ás medidas de loita contra o desemprego, e non someterse ao ditado dos mercados.

Esas mesmas prioridades son as que deben guiar a acción da Xunta de Galiza. A total ausencia dunha Xunta que non está nin se lle espera só se ve rachada polas políticas de destrución e privatización de servizos públicos e recortes sociais. A consecuencia destas políticas vímolos no primeiro trimestre de 2010, onde Galiza é a comunidade que máis incrementa a súa taxa de paro.

Polo tanto, tamén temos que exixir do Goberno galego un xiro de 180 grados, de xeito que garanta os servizos e as prestacións públicas, e impulse medidas activas para dinamizar a economía e os sectores produtivos, así como para revertir a gravísima tendencia que está a amosar o paro no noso país.

Por iso, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación municipal adoptar o seguinte

#### ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras.

2. Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:

a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.

b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.

c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatus xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal.

d) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introdución dun imposto que grave os movementos especulativos de capital.

e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas.

f) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.

3. Instar á Xunta de Galiza a:

a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.

b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego

Fene a 20 de maio de 2010

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE FENE”

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín a súa exposición e engade que no momento de presentar a moción aínda non se presentaran os datos do desemprego que reflicten unha redución dun 3,51% no Estado, dun dous e pico en Galicia, pero o que lle preocupa é que nesta comarca se reduce tan só nun 1% e no concello se un 0,8%, que se traducen en oito persoas desempregadas menos que no mes anterior; que o BNG ten un proxecto crible e real de medidas que se poden tomar, que non fala de medidas

revolucionarias que afectarían a quen creou a crise, que é o sector bancario, o mesmo sector que agora impón as condicións da devolución da débeda e están a forzar para que se tomen medidas máis de dereitas que as propias do Partido Popular.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai uso da palabra e expón que van manter o sentido do voto que tiveron na comisión e di que comparten parte do argumentario desta moción, aínda que nas medidas a tomar cree que se fai unha mesturanza de solucións que habería que desmenuzar, cree que este non é o momento lóxico de formular, de boas a primeiras, a supresión das Deputacións polas implicacións económicas que tería para os concellos, que se debería debater profunda e extensamente; respecto do gasto militar, di que se pode aforrar en gasto corrente pero o aforro en gasto militar afectaría a esta comarca, xa que por desgraza os asteleiros actualmente están a vivir do gasto militar e pouco do gasto civil. Que no tocante aos temas da tributación das SICAV comparten a subida da tributación, aínda que tería que ser unha decisión a nivel europeo para evitar a escapada dos capitais a outros países da Unión Europea. Di que non comparten o punto terceiro cando se di que se inste a Xunta de Galicia a abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos, xa que a Xunta o que está a facer é unha racionalización dos servizos e está en estabilidade orzamentaria, cousa que non se pode dicir do goberno central. Que é por iso que van manter o seu voto de abstención.

A continuación o voceiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra e manifesta que comparten totalmente a moción do BNG e observa algo que non lle sorprende nunca, a gran competencia que hai entre o PSOE e o PP para ver quen rebaixa máis impostos, pero sempre aos mesmos. Di que habería que poñer entre comiñas a afirmación de que temos a presión fiscal máis baixa de Europa, sobre todo para as clases baixas, xa que aínda que está sete puntos máis baixa, aquí desapareceron unha serie de tramos do IRPF e aos grandes capitais non se lles toca. Di que coincide co exposto na moción do BNG, que a Administración necesita unha reforma urxente, que respecto das Deputacións Provinciais tamén coinciden e pon coma exemplo as Comunidades uniprovinciais onde non existen e funcionan correctamente. Di que respecto do gasto militar que é desproporcionado xa que a el destinanse dezaoto mil millóns de euros, e a campaña de Afganistán está a custar entre tres centos e catro centos millóns cuns resultados asombrosos, xa que a produción de droga se multiplicou por cinco. Respecto da reforma fiscal, coincide coa moción, incluso pensan que o BNG se quedou curto, que habería que poñer máis tramos, xa que se está sete puntos por debaixo da media europea na presión fiscal pero tamén nas prestacións sociais.

Respecto da loita contra o fraude fiscal, sinala o concelleiro que se di que a economía somerxida é dun 20%, que ben poden ser un ou dous millóns de empregados máis. Tamén alude a que o gasto social en España é oito puntos por debaixo da media da Unión Europea e a igrexa recibe sete mil millóns de euros ao ano, e nunca viu nin ao PP nin ao PSOE toquen nunca este asunto, nin a eliminación dos paraísos fiscais, polo que conclúe que son motivos dabondo para votar a favor desta moción.

A continuación o alcalde fai uso da palabra para dicir que o seu grupo vaise abster, aínda que comparten gran número das medidas que contén a moción, fundamentalmente as referidas as medidas impositivas, a progresividade dos impostos, pero tamén é certo que outras medidas coma a supresión da Administración periférica do Estado, acotar as transferencias pendentes á Xunta de Galicia ou a supresión das Deputacións Provinciais non son o momento máis axeitado para o seu debate, polo menos en tanto en canto non exista unha unha Administración supramunicipal alternativa que poida garantir o financiamento de servizos e ás eivas que teñan os concellos, independentemente das melloras que hai que introducir nos orzamentos municipais, que son evidentes, indistintamente de coma se lles queira denominar.



Por isto é polo que se van abster. Respecto da intervención do portavoz do grupo mixto puntualiza que para el non é comparable a acción política do PP e a do PSOE, e máximo si se fala de política social, aínda que sabe que se están a tomar medidas duras e impopulares e pensa que o goberno de España non as adoptaría se non houbera a presión internacional que hai, xa que nos anos anteriores se intentou resistir, cun modelo alternativo ao sistema neoliberal que se viña impoñendo no resto da Unión Europea, pero que ao final en bases as directrices da Unión Europea e en defensa dos mercados españois, houbo que tomar este tipo de medidas, que non se poden entender este tipo de medidas que consisten na conxelación do gasto social ou determinadas prestacións sociais se non se mira para o que pasou os seis anos antes, e aquí coincidirán todos, menos o PP, evidentemente, en que nestes últimos anos se avanzou moito en política social, a día de hoxe o gasto social é un 58% superior ao do último goberno do PP, e a redución de gasto social nos orzamentos de dous mil dez son cero euros das partidas e para o ano dous mil once vanse reducir un 1,5%, que dende o ano dous mil catro ao dous mil dez o gasto social aumentou máis dun 50% do orzamento do Estado, este ano un 52%, e que no ano dous mil once se seguirá destinando un euro de cada dous ao gasto social. Tamén pon coma exemplo do incremento do gasto social a educación nun 10% máis que durante o goberno do PP, a vivenda nun 124% máis que durante o goberno do PP con cincocentas mil vivendas protexidas máis que supón un 40% máis, a subida do salario mínimo nun 35% sempre por riba do IPC, o que nunca pasou, di o alcalde co goberno do PP. Tamén é certo, di o alcalde que se conxelaron determinadas medidas pero que a día de hoxe a protección social é moito maior a pesar da crise, que durante o goberno do PP. Conclúe dicindo que o seu voto vai ser a abstención, compartindo en xeral o espírito da moción pero non algunha medida concreta, polo que favorecerán así a aprobación da moción.

De seguido o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, fai uso da palabra para dicir que se evidencia que o PSOE e o PP, tanto no fondo coma na forma, cando estiveron no goberno tomaron medidas económicas dirixidas fundamentalmente ao mercado. Di que é certo que o Partido Socialista tomou medidas sociais e se produciron avances importantes pero sen cartos, porque se fixo unha política económica coma a do Partido Popular ou peor, xa que se mantivo o fraude fiscal nos mesmos índices, se rebaixaron os impostos co cal a caixa pública se desfondou. Sinala que están alarmados por isto, que ademais en Fene se levan dous anos sen orzamentos e eles explicaron por activa e pasiva que querían uns orzamentos anticrise, que activasen a economía local, con información, en emprego, facendo pequenas obras e se está nunha posición contraria. Di que ademais de falar o ben que se fai noutros sitios tamén hai que levalo á práctica aquí, que pensa que o BNG en Fene o fixo razoablemente mellor durante moitos anos e cunha situación de crise económica e emocional moi superior a actual, polo que pensa que é a hora de facer menos discurso cara á galería e de tomar medidas concretas para a xente, que o BNG ten medidas concretas para a xente e as que aquí se presentan son medidas xerais de aplicación a nivel do Estado, que falan da eliminación das Deputacións, non dun día para outro, pero que é algo que hai que facer, que só teñen dúas cousas boas para os concellos que é a asistencia a municipios e a recadación, que para concellos pequenos é un sistema eficiente, e ben pode pasar a formar parte da Xunta e para que iso sexa democrático o único requisito e que se faga por lei. Respecto do gasto militar refírese ao gasto supérfluo ou fanfarronerías coma enviar soldados fóra do país pero non se referen á construción naval, que hai que acabar os traballos encargados e logo pasar á diversificación dos traballos dos estaleiros e que se levante o veto de Astano dunha vez. Respecto do paro, a conselleira di que mellora o paro en Galicia grazas ao Xacobeo e ao turismo e iso non é certo, di que hai que facer políticas serias e para as persoas e non para calmar capitais, aos que lles hai que poñer normas. Remata agradecendo ao Partido Popular e ao Partido Socialista a abstención.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai uso da palabra para dicir que queda demostrado que ao Partido Popular non hai que darlle

leccións de economía, que quen as precisa é o presidente do goberno. Respecto da política social, a mellor política social é o emprego, e di que cinco millóns de empregos e déficit 0 creados fronte a cinco millóns de desempregados é a realidade que contesta ao discurso do alcalde.

A continuación o voceiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para recoñecer que o gasto social co PSOE aumentou e o diferencial coa Unión Europea diminuíu, pero di que se dixo que este era un país rico cando todos sabemos que seguimos sendo un país pobre, xa que o 55% da poboación cobra salarios de mil euros, insuficientes. Di que non lle teñen que convencer de que si gobernara o PP actualmente o faría peor que o PSOE e que é certo que con Aznar se crearon cinco millóns de empregos, cando se creou unha especulación terrible e a explosión do ladrillo que tamén axudou, coma a venda das empresas públicas rentables para eliminar o déficit. Respecto da crise na que se está, di o concelleiro, que non se produciu nin onte nin antonte, nin a produzo Aznar nin Zapatero, e que se produciu por culpa dun sistema inviable, e mentres dure este sistema vai perdurar, e tanto PSOE coma PP coinciden nas súas políticas nun 95% e que aínda non comprende porque se atacan entre si, xa que os dous partidos propoñen as mesmas solucións, e en materia militar, España acaba de gastar centos de millóns de euros en mercar uns tipos de mísiles cos que se fixo fai pouco un exercicio de tiro en Sudáfrica, e tanto mellor sería empregar estes cartos para evitar recortes en pensións ou en funcionarios públicos.

A continuación intervén o alcalde para sinalar respecto do gasto militar que a ministra de defensa anunciou un recorte de cento cincuenta millóns de euros para o ano que ven e tamén o número de soldados e efectivos e respecto das políticas do Partido Popular e Partido Socialista di que ao PP lle preocupa de ter déficit 0 e PSOE gobernar para os cidadáns.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión de Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de maio de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), (dos Sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Once (11), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**1. Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras.**

**2. Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:**

**a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.**

**b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.**

- c) **Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatus xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal.**
- d) **Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introdución dun imposto de grave os movementos especulativos de capital.**
- e) **Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas.**
- f) **Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.**

### **3. Instar á Xunta de Galiza a:**

- a) **Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.**
- b) **Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego.**

4º.- Moción do grupo municipal do BNG sobre a situación da depuración na Ría.

A continuación dáse conta do ditame da Comisión de Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de maio de 2010 que acordou ditaminar favorablemente que o Pleno acorde:

“1. Demandar do goberno do Estado a reprogramación das fases pendentes para o saneamento integral da Ría de Ferrol, procedendo á dotación económica suficiente nos orzamentos do 2011 que permitan a execución das obras pendentes e a operatividade do proxecto no ano 2012.

2. Demandar da Xunta a aceleración dos traballos en marcha para a execución das obras de saneamento e depuración da “marxe sul” (Fene, Mugardos e Ares); co obxecto de permitir a súa operatividade no horizonte do ano 2011.”

De seguido pidE o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta brevemente o sentido da moción resumindo a exposición de motivos dicindo que ao redor desta ría viven unhas cento trinta mil persoas que verten directamente á ría, e a pesar disto, trátase dunha Ría que fai dez anos era a que máis ameixa producía de todo o país, xa que ten unha alta capacidade produtiva a pesar dos recheos, dos vertidos directos de diferentes industrias e a pesar de non estar tratadas as augas residuais; agora mesmo hai obras tanto na cara norte, en Ferrol, feitas polo goberno central e na cara sur, que fai a Xunta. Que con esta moción pretenden, unha vez estea saneada, aumente a produción de ameixa, berberecho e outras especies e unha segunda cuestión de ocio e ambiental que é a recuperación da ribeira coma espazo de lecer, tanto en San Valentín, Maniños, Barallobre, Caranza, polo que pasa a dar lectura da moción, que literalmente di:

“Manuel Polo Gundín, portavoz do GM do BNG no Concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte Moción:

**SOBRE A SITUACIÓN DA DEPURACIÓN NA RÍA**

A situación da ría de Ferrol é desastrosa, sobrevivindo como pode o marisqueo e sen posibilidade de utilizala para o baño ou calquera outra actividade de lecer. Unha ría como a de Ferrol con arredor de 130.000 persoas vivindo no seu entorno inmediato e con industrias a ambas beiras, ten a pesar de todo unha capacidade de produción marisqueira excepcional e que non é coñecida pola maioría da cidadanía, hai apenas 10 anos que só nesta ría se producía un terzo de toda a ameixa babosa de Galiza, sendo tamén practicamente a única na que podemos atopar aínda zamburiña. Pero a inexistencia de depuradoras de augas residuais, ademais de todas as desfeitas realizadas, con infraestruturas inadecuadas, recheos a esgallo ( nos últimos 100 anos o 10% do total da superficie da ría), e vertidos industriais case sen control, fan que a día de hoxe 7,5 Km<sup>2</sup> estean clasificadas como zona C, un terzo de toda a ría e que comprende entre outros o banco marisqueiro mais rico, o das Pías.

Hoxe nas tres confrarías desta ría traballan 540 mariscadores e mariscadoras, a elas habería que engadir o persoal das confrarías, compradores, depuradoras... para facerse idea da cantidade de postos de traballo que dependen dela, e que a pesar da situación actual aínda é capaz de manter. Hai que ter en conta que na actualidade dos arredor de 4 millóns de m<sup>2</sup> de zonas de marisqueo ( entre concesións e libre marisqueo), mais da metade están totalmente degradados sen apenas produción, cando non en zona C. Ademais hai unha superficie lixeiramente superior, zonas que antigamente foron bancos marisqueiros, que se poderían poñer a producir de realizarse a rexeneración que a ría necesita. Non é difícil botar contas para estimar que a cantidade de postos de traballo que se poderían crear con unha ría recuperada, pero para iso o primeiro paso é o remate das EDAR norte e sul.

Praias como a de Caranza inviábeis para o baño por ter vertidos directos na mesma praia, paseos marítimos á beira de auténticas esterqueiras como o da da Malata, poderían ser zonas de lecer para todos os veciños e veciñas. Poder disfrutar das praias e do mar como se facía non hai moitos anos, sen correr riscos para a nosa saúde, a ría é patrimonio noso, e temos o dereito a disfrutala. Evidentemente, o sector servizos beneficiaríase do uso do entorno mariño da ría creando traballo e actividade alí onde agora non o pode haber por non poder facer uso do entorno natural.

Ademais nun entorno ambiental limpo e saudábel tamén melloraría a nosa calidade de vida, poder dar un paseo á beira do mar sen soportar cheiros que nada teñen que ver con o mar e si con contaminación, e algo ao que non podemos nin debemos renunciar.

Todo isto acontece mentres as obras da EDAR norte van a un ritmo incomprendiblemente lento para a necesidade que toda a comarca ten dela, todo son problemas tanto orzamentarios como de competencias e velocidade das obras, e as da EDAR da zona sul comezaron xa con 3 anos de atraso sobre a proposta inicial.

A nosa comarca está a sufrir a crise económica con unha intensidade superior ao resto de Galiza é por iso que non podemos seguir a perder postos de traballo no marisqueo e no sector servizos. Tampouco temos porque seguir a ter unhas rías deterioradas cando debería estar xa recuperadas, xa que representan un patrimonio de todos e todas e riqueza para a comarca. Neste sentido, propomos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

## A C O R D O S

1.- Demandar do goberno do Estado a reprogramación das fases pendentes para o saneamento integral da Ría de Ferrol, procedendo á dotación económica suficiente nos orzamentos do 2011 que permitan a execución das obras pendentes e a operatividade do proxecto no ano 2012.

2.- Demandar da Xunta a aceleración dos traballos en marcha para a execución das obras de saneamento e depuración da “marxe sul” ( Fene, Mugardos e Ares); co obxecto de permitir a súa operatividade no horizonte do ano 2011.

Fene 26 de maio de 2010

O Portavoz  
SR.ALCALDE DO CONCELLO DE FENE”

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai uso da palabra para dicir que van votar a favor desta moción, pero que quere matizar que no punto segundo debe de haber un erro no ditame, xa que onde di “co obxecto de permitir a súa operatividade no horizonte do ano 2011” debería ser o ano 2012, e pregunta porque no horizonte do ano 2011, xa que segundo o ritmo das obras que se executan en Ferrol lle parece demasiado lonxano para levar a cabo o da zona sur, por cuestións de orzamentarias e de obras.

Neste momento auséntase da sesión a concelleira Rita María Couto Seijido.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra para respostar que o prazo de execución da obra era para o ano 2011, e piden á Xunta que se cumpra este prazo e na zona sur coma se adxudicou utilizando o modelo alemán, polo que é previsible que sexa posible. En todo caso avanza que pode haber problemas, xa que haberá que discutir como e quen asume os bombeos e as infraestruturas e estas son cuestións que poden facer máis complicada a súa posta en marcha.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai uso da palabra para dicir que aclarado o tema quere dicir que o texto da moción lles parece moi ben, pero que queren recordarlle ao BNG que houbo vinte e oito anos do seu goberno e en Fene non houbo depuración; que ata lle parece ben a decisión do goberno actual de non gastar un peso en manter as depuradoras ou emisarios en espera destas obras, que están de acordo en que estas obras se rematen o antes posible e por iso van votar a favor.

O voceiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que está a favor desta moción.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira Rita María Couto Seijido.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o Partido Socialista está a favor desta moción a pesar de que se solicita unha reprogramación dos prazos nas obras da zona norte e que se cumpran os prazos da zona sur, que entende que é unha medida razoable, sobre todo dende que se coñece que nas últimas semanas a Xunta ven de reclasificar ou aumentar as zonas clasificadas coma C da Ría de Ferrol e dificultar máis a extracción marisqueira no interior da Ría. Tamén quere recordar que no ano 1992, Fraga, presidente da Xunta e o seu conselleiro Cuiña, acordaron cos axentes sociais nesta Comarca a depuración e saneamento integral da Ría de Ferrol e o comprometeron para o ano 1995, e dende aquela se incumpriu goberno tras goberno na Xunta de Galicia, e que se tivo que esperar a un goberno de esquerdas para que a Consellería de Medio Ambiente xunto cos concellos de Ares, Mugardos e Fene se puxeran os recursos necesarios para depurar a banda sur da Ría de Ferrol e respecto da banda norte, tamén foi un goberno socialista o que axilizou o impulso final a esta obra.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Vicente Pico Sanmartín quen, por alusións dos vinte e oito anos de goberno do BNG, resposta dicindo que compare con outros concellos semellantes a Fene e gobernados dende hai tempo

polo PP para ver que tipo de depuración teñen, en moitos casos é inferior aínda contando con recursos da Xunta de Galicia, cousa que non pasou aquí, que Fene ten dúas depuradoras, das que unha tivo que ser parada por problemas de custes e ten emisarios, a diferenza doutros concellos limítrofes gobernados polo PP nos que a Xunta de Manuel Fraga autorizou vertidos en ríos que veñen a Fene.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o asunto, ditaminado pola Comisión de Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de maio de 2010, sendo aprobada por unanimidade dos seus membros presentes, polo que o Pleno acorda:

**1.- Demandar do goberno do Estado a reprogramación das fases pendentes para o saneamento integral da Ría de Ferrol, procedendo á dotación económica suficiente nos orzamentos do 2011 que permitan a execución das obras pendentes e a operatividade do proxecto no ano 2012.**

**2.- Demandar da Xunta a aceleración dos traballos en marcha para a execución das obras de saneamento e depuración da “marxe sul” (Fene, Mugardos e Ares); co obxecto de permitir a súa operatividade no horizonte do ano 2011.**

5º.- Moción do grupo municipal do PP de rexeitamento ao anuncio do goberno polo que se propón a conxelación das pensións.

A continuación dáse conta do ditame da Comisión de Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de maio de 2010 que acordou ditaminar favorablemente que o Pleno acorde:

“1º) Instar al Gobierno de la Nación a que elimine las medidas previstas para la supresión de la revalorización de las pensiones contributivas.

2º) Solicitar que se convoque la Comisión del Pacto de Toledo de modo urgente para reanudar los trabajos de la misma, a fin de que acuerden por todos los grupos las reformas que sean necesarias para que se garantice la viabilidad y el futuro de nuestro sistema de Seguridad Social.”

De seguido pido o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta brevemente o sentido da moción xa que esta medida supón rachar co pacto de Toledo e que o anuncio deses recortes, coma a subida do IPC prevista no artigo 11 da Lei 24/1997, ven a romper este pacto de Toledo, unha das maiores conquistas da democracia, xa que supón uns recortes de dereitos a uns cinco millóns de pensionistas. Por iso pensa que esta moción é axeitada e convinte e pasa a dar lectura da moción, que literalmente di:

**“MOCION DE RECHAZO AL ANUNCIO DEL GOBIERNO POR EL QUE SE PROPONE LA CONGELACION DE LAS PENSIONES**

Las graves dificultades económicas y de paro que vive nuestro país y el desmesurado déficit público, obligan a adoptar medidas extraordinarias, también exigidas por nuestra pertenencia a la zona euro, que a su vez atraviesa un período de inestabilidad al que es preciso dar soluciones coordinadas. En este contexto el Presidente del Gobierno anunció el pasado 12 de mayo en el Congreso de los Diputados algunas decisiones que, de adoptarse, lesionarían injusta e injustificadamente a más de 5 millones de pensionistas, rompiendo de paso uno de los logros mayores de nuestra democracia: el Pacto de Toledo.

Conviene recordar que dicho Pacto de Estado se alcanzó en 1995 entre todos los Grupos Parlamentarios, y mereció el respaldo de los sindicatos en 1996 mediante el Acuerdo sobre consolidación y racionalización del sistema de pensiones.

Estos acuerdos, fruto de un amplio y responsable diálogo político y social, sacaron a nuestra Seguridad Social de la incertidumbre económica y garantizaron un sólido compromiso de todos para hacer viable y sostenible nuestra Seguridad Social.

500.000 millones de pesetas de déficit, inseguridad de poder cobrar las pensiones e incertidumbre de los pensionistas para mantener su poder adquisitivo fueron, entre otras, razones para que todos los partidos asumieran el Pacto de Toledo y sus recomendaciones.

La Ley 24/1997, de 16 de julio, de consolidación y racionalización de la Seguridad, fue resultado directo del Pacto de Toledo, cuyo cumplimiento se quiso garantizar con la participación de todos los Grupos Parlamentarios, constituyendo al efecto una Comisión en el Congreso de los Diputados. Esta Comisión ha ido evaluando el cumplimiento de compromisos y recomendaciones desde entonces y lo ha hecho con eficacia y con rigor bajo diversos gobiernos.

En la actualidad está examinando un documento de fecha 29 de enero de 2010, enviado por el Gobierno para examen y debate, de modo que los acuerdos que pudieran alcanzarse dieran lugar a aquellas reformas y modificaciones legales pactadas entre todos los grupos políticos, sin olvidar la participación de los agentes sociales en el proceso de diálogo social actualmente abierto.

El anuncio de recortes en los derechos de los pensionistas, principalmente el derecho a la revalorización en función del IPC (artículo 11 de la Ley 24/1997, de 16 de julio), viene a romper el Pacto de Toledo, una de las más importantes conquistas de nuestra democracia. Estos recortes privan de derechos a más de cinco millones de pensionistas y nos hace retroceder a los tiempos en los que el Gobierno, según criterios de oportunidad y de conveniencia política, daba o negaba la revalorización de las pensiones y, por tanto, daba o quitaba poder adquisitivo a las debilitadas economías de los pensionistas.

Se producirían otros efectos adicionales e indeseables de empobrecimiento para los pensionistas al bloquear “sine die” la base sobre la que se actualizarían las pensiones tras el bloqueo de su cuantía que plantea ahora el Gobierno.

La experiencia indica que este tipo de medidas, combinadas con la elevación de impuestos, en especial el IVA (2 puntos de subida en julio próximo), generan problemas añadidos en el consumo y en el empleo, cuya evolución, si no se corrige con reformas adecuadas, pondrá en peligro los ingresos por cotizaciones, que son esenciales para mantener nuestro sistema de Seguridad Social.

Por todo ello, el Grupo Municipal/Provincial/insular Popular, eleva al Pleno para su consideración la siguiente

## MOCIÓN

1º) Instar al Gobierno de la Nación a que elimine las medidas previstas para la supresión de la revalorización de las pensiones contributivas.

2º) Solicitar que se convoque la Comisión del Pacto de Toledo de modo urgente para reanudar los trabajos de la misma, a fin de que se acuerden por todos los grupos las reformas que sean necesarias para que se garantice la viabilidad y el futuro de nuestro sistema de Seguridad Social.

En Fene, a 20 de Mayo de 2010.

Fdo.: Gumersindo Pedro Galego Feal

PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR”

O voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra para dicir que esta moción coincide en parte co punto primeiro da anterior moción presentada por eles, que lles gustaría emendar esta moción no seguinte sentido, no primeiro punto comezaría o paragrafo dicindo “Instar a Xunta de Galicia para que demande do goberno do Estado” e continuaría tal e coma está na moción; que isto é por unha cuestión política, xa que dende o BNG entenden que hai un goberno galego, unha autonomía, e é importante utilizar os representantes que nacen do Parlamento galego; que respecto do segundo punto están de acordo; que se o Partido Popular acepta esta pequena emenda, o seu voto será a favor da moción.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, para dicir que aceptan a emenda.

O voceiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que están en contra da conxelación das pensións, máxime cando de todos é coñecido que son as máis baixas de Europa, aínda que o actual goberno fixo un pequeno esforzo seguimos moi retrasados e agora coa conxelación se volverá ao diferencial anterior.

Neste momento auséntase da sesión o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal.

Prosegue o voceiro do Grupo mixto municipal dicindo que o pacto de Toledo si se convoca será para mellorar as pensións e non para as empeorar, que o Partido Popular está a facer un ataque total as pensións e afirma que as pensións son insostibles e isto casa moi mal co que aquí se pide; que durante o goberno do PP as pensións só subiron o IPC e aínda así se perdeu poder adquisitivo e o diferencial de gasto social durante os gobernos do PP aumentou. Prosegue a dicir que se pregunta como é posible manter as pensións, coma pide o PP, cando son os que afirman todos os días que hai que baixar as cotizacións da Seguridade Social aos empresarios, que isto tamén casa moi mal, tendo en conta que dos quince Estados principais da Unión Europea só España e outro país que non recorda, garanten os gastos sociais e as pensións vía impostos, e o PP non dá resposta algunha, polo que pide que llo expliquen.

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que as pensións non contributivas e as mínimas non se tocan e a revalorización deste ano está garantida e que en todo caso se toma esta medida impopular, coma se dixo, logo de seis anos de revalorización por riba do que gobernos anteriores fixeran, de xeito notable, e se fai nun momento no que o IPC está en niveis moi baixos, no 0% practicamente, polo que a perda de poder adquisitivo sería moi pequena e segundo o dito no punto anterior onde quedou amplamente explicada a postura do Partido Socialista, que vai votar en contra desta moción.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra para dicir que as pensións non se deben conxelar, que é unha medida totalmente inxusta que se salta a toreira os acordos establecidos, que o BNG en Fene está claro que en vinte e oito anos non



subiu as pensións pero si o fixo Anxo Quintana tan pronto chegou á Xunta xa que subiu as pensións non contributivas e o PP, tan pronto chegou á Xunta, intentou eliminar aquel complemento autonómico e aos catro días rectificou e asumiron e admitiron que erraran, xa que era un complemento para as pensións máis baixas; di que saben que o Partido Popular presenta esta moción con certo grado de oportunismo, agora ben, xa Luis de Guindos, Secretario de Estado con Aznar, dixo fai dous días en Vigo que as medidas estaban ben e que ademais habería que reducir cotas sociais e facer unha reforma laboral; sinala que é imposible facer política social sen ter unha economía que a sosteña. Conclúe dicindo que dende o BNG se está en contra deste tipo de medidas de conxelar as pensións.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que quere puntualizar que o único que están a pedir é o cumprimento dunha Lei e que as medidas que se están a tomar hoxe en día, se evitarían si dous millóns de parados ingresasen ao mercado laboral, que esa é a mellor política que se pode facer, e se unha rebaixa de cotizacións produce os efectos de levar ás empresas a contratar máis persoas pode ser acertado.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o asunto, ditaminado pola Comisión de Informativa de Organización e Seguridade de data 31 de maio de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), (do Sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Sete (7), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo).

Abstencións: Ningún.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**1º) Instar a Xunta de Galicia para que demande do goberno do Estado para que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.**

**2º) Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para reanudar os traballos da mesma Comisión, coa finalidade de que se acorden por todos os grupos as reformas que sexan necesarias para que se garanta a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.**

6º.- Dación de conta da liquidación do exercicio 2009.

De seguido dáse conta da liquidación do exercicio 2009 que consta no expediente.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra para dicir que logo de ver por riba a liquidación reflíctese e é preocupante de ver o que se gastou e non se pagou; que non se fixeron as obras, que hai un millón e pico de euros en facturas e dous millóns pendentes de pagamento de obras e que o que di a liquidación é que hai máis de tres millóns de euros sen pagamento e conclúe dicindo que pola súa banda hai que darlle outra axilidade á política económica do Concello.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Ángel Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedida, manifesta que na última comisión deu un resumo que vai reiterar para que non queden os datos enriba da mesa, e fai un resumo dos datos globais da liquidación do exercicio 2009.

7º.- Información periódica sobre o estado de contas do exercicio 2010.

Dáse conta da información periódica sobre o estado de contas do exercicio 2010 que consta no expediente.

## FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º.- Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende a número 266/2010 de 28 de abril ata a número 365/2010 de 28 de maio.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 266/2010 de 28 de abril de 2010 e a número 365/2010 do 28 de maio de 2010, manifestando o sr. alcalde-presidente que están a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello.

2º.- Mocións.

2º.1.- Recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2010.

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que hai que tomar en consideración o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 3 de xuño de 2010, previa a este Pleno, sobre a aprobación da factura do seguro que cubre aos voluntarios e voluntarias que estean inscritos coma tales na Área de Benestar e Igualdade, pagamento que require a Xunta de Galicia para poder optar a unha subvención nesta materia, que o seguro está en vigor e o recibo está incluído no extraxudicial e coma non daría tempo, tal e coma ten intención o goberno de o traer consensuado ao Pleno, para a súa aprobación neste mes de xuño, preténdese aprobar excepcionalmente esta factura para poder optar á devandita subvención, mantendo o criterio de que o resto do extraxudicial poida ser visto este mes con todos os remanentes para poder ser aprobado e que por tanto a urxencia ven derivada polo trámite desa subvención.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Continúa o sr.alcalde dicindo que este asunto está ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda de data 3 de xuño de 2010, que transcrito literalmente di:

**“DONA MARIA MILAGROS LÓPEZ ÁLVAREZ**, secretaria da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica do Concello de Fene (A Coruña)

**CERTIFICO:** Que a **Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica** en sesión extraordinaria e urxente celebrada en data 3 de xuño de 2010 no seu punto “2º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 03/2010”, acordou o seu ditame favorable para que o Concello Pleno acorde:

“1º. Levantamento do reparo nº 5/2010 con efectos suspensivos formulado pola intervención municipal, que consta no informe de data 12 de marzo de 2010, en aplicación do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

2º Aprobalo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 3/10 por un importe total de 24.287,12 €.

3º A conseguinte aprobación, e ordenación do pago, da relación de facturas con cargo ás partidas orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Proveedor	Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
Maphre Empresas Compañía de Seguros y Reaseguros , SA	Póliza seguro RC periodo 27/12/09 a 26/12/2010	24.287,12	920/224.02

.”

E para que conste e surta os efectos oportunos no expediente da súa razón, expido a presente certificación de orde e có visto e praxe do sr. alcalde-presidente, coa salvedade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Fene a tres de xuño de 2010.

Visto e praxe,  
O presidente da Comisión  
Manuel A Rodríguez Carballeira

A secretaria  
M Milagros López Álvarez”

Neste momento auséntase da sesión a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra para dicir que quere reiterar que esta non é unha cuestión urxente, é unha cuestión necesaria, e é necesaria porque a fai necesaria a ineficacia e a falla de ritmo, de traballo e a improvisación, xa que unha póliza dun seguro hai que pagala cando toca e non está pagada porque non están feitos os deberes, que é necesaria porque se está nun período dunha solicitude determinada dunha actividade necesaria.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente.

Prosegue o concelleiro Manuel Polo Gundín dicindo que a realidade é que se traen as cousas tarde, mal e a rastro sen un mínimo control ou rigor e que a materia económica do Concello é un desastre absoluto; di que no mes de decembro se aprobou un extraxudicial, que o BNG pediu que quedasen sobre a mesas unhas facturas pequenas que non se explicaron suficientemente, que hai un millón de euros pendentes de pagamento e agora tráese esta, saltándose absolutamente a orde de pagamento de todas as demais, e isto é urxente para tramitar a subvención e mañá pode ser urxente outra porque nos denuncia alguén por non pagar, ou é urxente porque Telefónica ou Vodafone corta o servizo, pero isto non é urxente, son as necesidades propias da ineficacia e a desatención do día a día e por iso se van abster e quere deixar claro que o BNG non vai aprobar outra urxencia coma esta, ou se trae o extraxudicial todo, conforme, en orde e explicado ou non volven xogar a este xogo, que non queren volveuse atopar entre a espada e a parede coma na Comisión realizada unha hora antes do Pleno, que hai que ser máis rigoroso e traer as cousas en prazo e en tempo e eles non terían ningún problema en que se fixera o pagamento deste seguro, e pregunta, cantos

seguros ten pendentes o Concello, polo que solicita moito rigor nestas cuestións e no propio orzamento, xa que hai moitos provedores pendentes e non lles parece de recibo, coma di o informe de Intervención e que a parte sáltase o procedemento de contratación, xa que supera as cantidades para facer unha contratación deste tipo; que se van abster e que na próxima o seu voto será en contra.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non quita nin pon nada en aras da brevidade, que subscribe todo o dito e que lle preocupa bastante a improvisación que poida haber outros recibos sen pagamento e que mañá poida xerar responsabilidade para o concello, polo que van manter o sentido do seu voto xa exposto na Comisión de abstención coa intención de que saia adiante e non quere dicir rotundamente que non pero o van estudar doutro xeito, xa que non ten obxecto ningún convocar unha sesión urxente da Comisión unha hora antes do Pleno.

O voceiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que vai manter o sentido do seu voto, a favor, da Comisión, xa que non hai dúbida de que esta situación ten que sacarse adiante pero que tamén está de acordo coas consideracións feitas.

De seguido intervén o sr. alcalde que quere puntualizar que unha cousa é o pagamento do recibo e outra cousa é que estea en vigor ou non a cobertura do seguro, xa que nun principio os seguros están en vigor segundo o asinado polo Concello e que en todo caso, ninguén máis interesado que eles en poder sacar adiante o extraxudicial, e unha vez pechada a liquidación traída a este Pleno e recuperados os remanentes do orzamento a súa intención e quedar ao longo deste mes con todos os grupos políticos e aprobar o extraxudicial e aquelas facturas que quedaron enriba da mesa no mes de decembro e puntualiza que aínda que non sexa o xeito ordinario de funcionamento que a eles lles gustaría tam pouco é nada novo, xa que el en seis ou sete anos que leva sendo parte deste Pleno aprobou extraxudiciais puntuais para moitas cousas, sobre todo no ano dous mil catro, cando o orzamento estivo prorrogado e se facía Pleno tras Pleno e sistematicamente, que en todo caso o que se trata é de aprobalos e o seu voto vai ser a favor.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra para dicir que os extraxudiciais se poden aprobar todos, o que non se pode é aprobalos así, comparten que o orzamento é unha previsión do que se vai gastar e é imposible que en tres centos sesenta e cinco días, e neste caso dous anos xa, se gasten cartos e iso encaixe todo á perfección de gastos e ingresos, é lóxico, porque hai ingresos ou gastos maiores ou menores e se fan expedientes de modificación de crédito, extraxudiciais, de incorporacións ou de gastos que se pagan dun ano para outro e é normal que o Concello, con certa actividade, poida ter estas cuestións, e antes se facían extraxudiciais, pero por orde e que está seguro de que o Partido Socialista, cando estaba na oposición, se non fosen por orde votarían en contra.

De seguido intervén o sr. alcalde que respoñe que por responsabilidade non votaron en contra.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión de Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 3 de xuño de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (8), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Nove (9), (dos Sres/as. Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º. Levantamento do reparo nº 5/2010 con efectos suspensivos formulado pola intervención municipal, que consta no informe de data 12 de marzo de 2010, en aplicación do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

2º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 3/10 por un importe total de 24.287,12 €.

3º A conseguinte aprobación, e ordenación do pago, da relación de facturas con cargo ás partidas orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Proveedor	Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
Maphre Empresas Compañía de Seguros y Reaseguros , SA	Póliza seguro RC periodo 27/12/09 a 26/12/2010	24.287,12	920/224.02

2º.2.- Moción do grupo municipal do BNG relativa á seguridade viaria na estrada DP 3503 ao seu paso por Barallobre.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que a urxencia ven determinada polo coñecemento que teñen os graves problemas que houbo na estrada de Barallobre, a afección concreta dunha vivenda en particular, e coma foron casos recorrentes e teñen coñecemento da complexidade que pode haber a niveis de seguros ou xuridicamente é polo que presentan esta moción, motivando a urxencia en que agora é cando acaban de pasar estes problemas e é agora cando hai que atender a estes veciños.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra e pasa a dar lectura da moción, que transcrita literalmente di:

“Manuel Polo Gundín, portavoz do GM do BNG no Concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte Moción:

#### **Relativa á seguridade viaria na estrada DP 3503 ao seu paso por Barallobre.**

Nos últimos días veñen de producirse dous accidentes graves que están a por en perigo unha vivenda na estrada DP 3503. A situación de perigo desta estrada é ben coñecida, tratándose dun tramo descendente e con curvas por riba en obras dende hai tres anos.

Como é sabido a Deputación provincial aprobou no seu día a ampliación e a mellora do trazado da DP 3503. Esta obra veu sufrindo numerosos atrasos por varios motivos que levaron a que a estrada se manteña nunha situación de provisionalidade durante demasiado

tempo. No mes de xullo do 2009 a deputación remitiu ao concello o novo proxecto para a súa aprobación así como para a posta a disposición dos terreos para as obras de mellora a facer no camiño da Pomba. En xaneiro deste ano o Pleno municipal aprobou por unanimidade o proxecto e a cesión dos terreos.

O pasado 20 de maio o Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación publicou a licitación das obras de terminación da ampliación e mellora de trazado da DP 3503 desde p.k.0+400 ao 1+200 incluídas no Plan de travesías 2009 cuarta fase.

Atopándose finalmente encamiñado o remate desta obra, desde o BNG vemos necesario demandar da deputación provincial unha actuación paralela á das propias obras que incrementen a seguridade viaria, coas melloras que técnicamente sexan posibles.

## A C O R D O S

- 1.- O Pleno do concello de Fene amosa o seu apoio aos propietarios da vivenda afectada eponse á súa disposición para axilizar calquera trámite administrativo ou de outro tipo que pola urxencia dos mesmos sexa necesaria a colaboración do concello.
- 2.- O Pleno do concello de Fene demanda da Deputación provincial a implementación de medidas de seguridade vial na estrada DP 3503.
- 3.- O Pleno do concello de Fene solicita á Concellaría de seguridade que, a través da policía local, faga un seguemento do tráfico nesta estrada e un informe de avaliación dos riscos da mesma.

Fene 2 de xuño de 2010  
O Portavoz

### SR.ALCALDE DO CONCELLO DE FENE”

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín dicindo que descoñecen se foi unha casualidade, se foi problema real do trazado ou un problema enlazado ademais coas obras a medio facer alí, a cuestión é que hai un veciño que ten un problema moi grave e que pode ter connotacións de tipo xurídico complexas polo tipo de accidente que tivo e que o Concello ademais de remitir a Deputación unha observación, xa que hai un instituto, un local social, moitas vivendas e hai unha zona urbana, para que dote de medidas de seguridade, a parte das propias beirarrúas e do propio ensanchamento da estrada, que a Policía Local faga un seguimento do que alí pasou, complementado coa Garda Civil ou con Tráfico, e respecto do veciño afectado, respecto de licenzas de obras ou asesoramento doutro tipo, que se ofrezca dende o Concello o apoio necesario.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di van votar a favor.

O voceiro do Grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que vai votar a favor.

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que o Partido Socialista vai votar a favor da moción e aclara que o mesmo día do accidente o propio concelleiro de Seguridade Cidadá, as sete e media da mañá acudiu ao lugar, estivo coa Policía e os veciños afectados e se ven falando co veciño dende aquel día para prestarlle asesoramento e axuda, que o accidente se produce fóra do tramo das obras da Deputación, e con toda a cautela do mundo parece que o exceso de velocidade e a falla de permiso de condución do condutor foron as causas

do accidente, que en todo caso non ten ningún problema en reiterar o seu apoio a este veciño logo de dous accidentes tan seguidos na súa vivenda, polo que van votar a favor.

**Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG relativa á seguridade viaria na estrada DP 3503 ao seu paso por Barallobre de data 2 de xuño de 2010, sendo aprobada por unanimidade dos seus membros presentes, polo que o Pleno acorda:**

**1.- O Pleno do concello de Fene amosa o seu apoio aos propietarios da vivenda afectada e ponse á súa disposición para axilizar calquera trámite administrativo ou de outro tipo que pola urxencia dos mesmos sexa necesaria a colaboración do concello.**

**2.- O Pleno do concello de Fene demanda da Deputación provincial a implementación de medidas de seguridade vial na estrada DP 3503.**

**3.- O Pleno do concello de Fene solicita á Concellaría de seguridade que, a través da policía local, faga un seguemento do tráfico nesta estrada e un informe de avaliación dos riscos da mesma.**

3º.- Rogos e preguntas

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido pregunta ao concelleiro de Facenda xa que teñen coñecemento a través da Concellaría de Benestar Social que as facturas de reis están sen pagamento e trasladan a responsabilidade a súa área, polo que quere saber cando está previsto o pagamento, e na mesma liña, cal é a previsión de pagamento doutras, menos importantes para eles, pero significativas, coma son as das comparsas do entroido, as subvencións do ano dous mil nove, e por outra parte cando está previsto o pagamento de facturas que se aproxima ao millón de euros.

Prosegue rogando, xa que teñen coñecemento dos problemas que existen no mercadiño de Perlío, pola ausencia dunha regulamentación, polo que roga se leve adiante ese regulamento ou outro, que se leve á Comisión para que poida ser aprobado para ter un mercadiño ordenado tanto no tráfico coma na colocación de postos. Tamén roga que coa mesma dilixencia que se vai cumprir os recortes salariais aos traballadores do Concello se cumpran os compromisos que hai coa Xunta de Persoal e o Comité de Empresa. Que quere facer referencia á axuda a domicilio, xa que no Concello se atende un número global e relativo unha porcentaxe de dependentes moi inferior a de outros Concellos semellantes, xa que o 7% dos dependentes que se informan teñen este tratamento de axuda a domicilio a través dun recurso municipal. Roga ao alcalde que cumpra os compromisos coa Asociación de Axuda ao Pobo Saharaí e co Delegado que, di o concelleiro, se tiveron nesta casa hai uns días, cousa que tamén foi preguntada na Comisión e se descoñecía, polo que roga que cando se adopten compromisos dende a Alcaldía, sen estar outros representantes dos grupos municipais, se cumpran cos compromisos que se adopten.

Seguidamente a concelleira do grupo municipal do BNG, Inés Roca Requeijo fai uso da palabra e pregunta si se realizaron os traballos de limpeza e desbroce en Limodre o venres pasado e saber si eses traballos corresponden ao Concello ou non. Tamén quere rogar ao alcalde, xa que se aprobou a acta do Pleno de 8 de abril e tanto ese día coma o 30 de marzo presentaron por rexistro que se lles facilitase unha copia do contrato da recollida de voluminosos, e aclara que dende o BNG non dubidan da palabra do concelleiro de Obras e Servizos, nin do alcalde, pero o tempo pasa e aínda non a recibiron.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Edgar Antonio Vigo López, que quere felicitar o feito de que a este Pleno veña a aprobación as dúas actas anteriores e se chega así á normalidade de aprobar nos Plenos a acta anterior, pero tamén dá que pensar, di o concelleiro, o que se falaba neste Concello tres meses atrás, polo que se remite aos rogos que fixo el en relación á visita ao colexio dos Casais respecto das melloras e necesidades que teñen e que da ANPA dese colexio se fixo chegar a todos os grupos municipais e tamén ao grupo de goberno, e aínda non xurdiu ningunha solución aos puntos daquel rogo e da lectura as respostas daquel rogo salienta unha frase do escrito da ANPA, que di que fai propia e procede a ler para rogar novamente, "...no caso de que non honrara coa súa visita, prégoles nos traia feitos e solucións as nosas demandas, non só compromisos, que coma xa o tempo demostrou non nos serven absolutamente para nada.", roga o concelleiro para que isto sexa así, non só con esta entidade, xa que, di o concelleiro, se están recibindo cartas de este tipo de máis entidades deste Concello e doutros veciños. Prosegue dicindo o concelleiro que revisando a acta do mes de abril hai outro rogo feito por el, que repite, e que consiste en que roga a todos os concelleiros do goberno que mostren máis sinceridade, aínda que, di o concelleiro, que non está ben que se poñan a falar por teléfono no medio dunha xuntanza polo que roga un pouco de respecto e educación.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Vicente Pico Sanmartín, que pregunta á concelleira de Medio Ambiente, se as limpeza dos parques de Magalofes, Barallobre, Maniños, Limodre, Sillobre, se continúa, se rematou, se non se fixo, que lle diga coma está. Roga ao goberno municipal, xa que, sinala que, de todos é sabido, que na avenida Naturais e en Marqués de Figueroa hai xente que queiman por sistema unhas árbores e quere saber que actuacións ou medidas se está tomando ao respecto, xa que hai algún alcorque, di o concelleiro que se está utilizando para a entrada dalgún garaxe privado e non está o que é a árbore. Pregunta tamén ao concelleiro de Obras en relación ao trinta de xuño que xa está aí, en relación a data tope para o POS e o PCP, que coma non foi nada a Comisión e foi a data sinalada por el, quere saber coma está isto.

De seguido intervén o sr. alcalde que resposta que se dan por enterados dos rogos e respecto da última pregunta sobre o POS e o PCP, di que aínda falou esta mañá coa Deputación e lle dixeron que estaba todo perfecto agás un tema de Adif que estaban pendentes da súa resposta, que íase remitir directamente á Deputación e con isto debería estar todo solventado, respecto da data do trinta de xuño tamén nos dixeron que non ían poñer problemas para adjudicar con posterioridade a esa data e que garantirían os cartos e a inversión dos plans no Concello.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda Manuel Ángel Rodríguez Carballeira que resposta respecto das axudas de reis e di que respostará a concelleira de Servizos, xa que se está a tramitar en Intervención e respecto do tema das subvencións di que aquí se chegou a un acordo cas subvencións nominativas e toda entidade que presentaba a súa factura conformada non presentaba ningún problema, pero descoñece o tema das comparsas do Entroido, pero en todo caso, na próxima xuntanza dará conta do estado no que se atopan. En relación ao extraxudicial, di o concelleiro que na conversa de hoxe pola mañá cos grupos políticos e dende a Alcaldía xa se falou, xa lles avulta que no mes de xullo se levaría, coma un elemento prioritario, a parte de someter a consideración o orzamento do ano dous mil dez a este Pleno, que e a súa vontade non é de retrasar os pagamentos e que hai recursos e se levará no mes de xullo.



A continuación fai uso da palabra a concelleira Rocío Rey Sampayo que di que coma xa dixo na Comisión as subvencións de reis están en Intervención e non en Facenda, se están a emendar uns erros que houbo.

A continuación fai uso da palabra a concelleira Amalia García Balado que resposta en relación as preguntas realizadas sobre a limpeza de Limodre, que recibiu unha chamada o xoves as tres da tarde, xa que era o día da Letras Galegas, e as cinco da tarde xa estaban vendo os xardíns e quedaron en facer a limpeza o venres pola mañá, que este mesmo día a media mañá a chamou o presidente da Asociación de Veciños de Limodre para dicir que non se fóra limpar os xardíns xa que o ían facer eles, ao que se lle contestou que o traballo estaba programado para ese mesmo venres as tres da tarde, polo que pensa que o grupo municipal do BNG recibiu mal a noticia. Respecto da limpeza dos parques das parroquias seguen unha programación, agora están na zona de Maniños e precisa que se limpan todos os meses, esta ou a próxima semana, volverán outra vez por Magalofes e Sillobre, e di a concelleira que hai moita xente de baixa médica.

Seguidamente a concelleira do grupo municipal do BNG, Inés Roca Requeijo fai uso da palabra e precisa si os traballos de limpeza e desbroce en Limodre son de competencia municipal ou non ao que a concelleira de Medio Ambiente Amalia García Balado resposta que si son municipais.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro José Antonio López Rodríguez que resposta que se está a repoñer as árbores que rompen, secan ou desaparecen, e nalgún dos casos teñen que mirar de facer algunha cousa máis, xa que isto está a pasar reiteradamente.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que ao fío do que se acaba de dicir roga, remitíndose a acta da Comisión, polo que roga á concelleira de Medio Ambiente que diga a verdade sobre os xardíns que hai en Limodre, xa que dixo que non sabía porque tiña que limpar eses xardíns que eran dunha Sociedade, cando alí todos sabemos que hai un parvulario e segundo, que o ía a facer pero que non se podía chamar o día anterior para facelo ao día seguinte, e el sabe que a concelleira tiña unha petición cun mes de antelación. Pregunta respecto do punto limpo preguntalle ao alcalde si sabe se o alcalde de Cabanas resolveu todos os problemas que tiña para non poñer ese punto limpo, xa que parece mentira que teñamos que estar pendentes do alcalde de Cabanas para poñer o punto limpo de Fene, coma se di sempre no Pleno e pregunta se o Concello de Fene non ten tamén algún tipo de responsabilidade neste tema. Di que na Comisión o concelleiro de obras dixo coma un logro importantísimo a retirada da farol do lado do Concello vello e que estaban estudando con Tráfico coma se ía colocar ese semáforo, e ao saír da Comisión pasou el por ese cruce e ve coma é que se estaba a cambiar o semáforo, polo que pregunta si é que o concelleiro non se entera ou lles conta mentira. Continúa dicindo que o mércores pola mañá había unha gran cantidade de voluminosos fronte a Caixa Galicia que tiña que ser recollido o martes pola noite, isto no centro de Fene, e non é que a empresa non teña ou saiba o rueiro xa que é no centro de Fene, polo que pregunta si se fixo algo ao respecto coa empresa e quen foi a recoller eses voluminosos, xa que si eles recollen o martes pola noite, seguro que foron os traballadores do concello que o fixeron. Pregunta tamén en relación da sinatura do paso elevado de Marqués de Figueroa á Torre si hai xa algo concreto e tamén sobre o tema do túnel da estación de Perlio. Tamén preguntaron no Pleno do mes pasado sobre o río do camiño do Regueiro, e están preocupados primeiro pola focha importante que hai alí e porque sempre se dixo que se ía repoñer o río alí e agora dise que non se vai repoñer e que hai outras cousas máis importantes, polo que pregunta cal é o motivo de non o facer ou que problemas hai alí, se hai problemas de augas, de colindancia ou que ocorre e solicita unha resposta concreta.

Continúa o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, e roga respecto do tema dos desbroces ou o mantemento de camiños pregunta se hai algún programa ou algunha pauta a seguir ou se sinxelamente se vai apagar o lume alí onde aparece. Di tamén que teñen documentación pendente de entregar polo que roga que se revisen os escritos que teñen presentados e se lles facilite. Roga a reparación da focha e o paso de peóns da rúa da Fraga fronte á farmacia. Di que hai un rexistro da rede de sumidoiros na rúa San Esteban en Perlío que está a rebosar continuamente fecais polo que roga que se arranxe xa que é un problema grave, sobre todo en verán; tamén teñen queixas das fochas e da herba das marxes da rúa e da presenza de ratas nas vivendas de Astano en Perlío. Di que respecto das débedas coas sociedades, aínda que se dixo que xa estaba feito, di que queda moito pendente polo que roga que se axilicen estes pagamentos. Respecto da limpeza de colectores de lixo roga a limpeza polo menos naqueles sitios máis conflictivos coma é onde están os supermercados, que agora que chega o calor se intensifique. Di que teñen queixas por non recoller as pilas nin o aceite na Cofradía de Barallobre, polo que roga a súa recollida. Roga o arranxo da ducha da praia do Carril, xa que leva rota dende o Klaus. E roga ao sr. alcalde para que non difame ao Concello, en relación a unha resposta no seu blog na que contestaba a unha persoa en relación á retirada dos neumáticos da empresa Ruber e da débeda que di que herdaron e que aumenta de seis a nove millóns, polo que lle roga un pouco máis de medida e de mesura.

A continuación intervén o sr. alcalde que comeza puntualizando sobre este último rogo dicíndolle ao voceiro do grupo municipal do PP que non segue o seu blog con certa asiduidade, xa que o comentario é de hai tres ou catro anos pero en todo caso é certo que xamais lle esixiron ao goberno municipal de Fene que retirase aqueles neumáticos, o que se lle pediu foi que fixese a xestión ante a Xunta de Galicia para a súa retirada, que recorda as alusións aos mosquitos que medran nas rodas e sobre o risco potencial de incendio pola maleza e demais, que o que se pediu foi facer a xestión e non a retirada xa que non hai cartos dabondo para facelo e é certo que co anterior goberno da Xunta, dentro da Consellería de Medio Ambiente cun Plan de retirada de residuos de caucho que se presentou no último ano se pedira a actuación aquí, viñera o Delegado e supón que hoxe iso estará durmido na Xunta de Galicia, como outras tantas cousas. Que respecto dos rogos danse por enterados e respecto ao punto limpo resposta que a responsabilidade é do Partido Popular que é quen financia a obra e o Concello de Fene ten todo solucionado e entregado na Xunta de Galicia dende hai un ano, máis ou menos, e co alcalde de Cabanas non lle consta que exista ningún tipo de problema e que a última vez que falou desto foi na Xunta de Galicia co Delegado Provincial que lle transmitiu que o asunto estaba listo para ser adjudicado pola súa parte e poder ser feita a obra, feito que tamén llo dixo a el e ao concelleiro Manuel Vicente Pico Sanmartín o propio Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas cando os recibiu. En relación cos pasos elevados a novidade que hai foi a xuntanza que mantivo este mes co ente Adif, logo de ser asinado o convenio co Ministro, para poñerlle prazos concretos e proxectos para facelo, e se lles dixo que encargou xa a redacción dos dous proxectos para logo adjudicar e executar, e coma prazo estimatorio se deu o de fin de ano para comezar, e sobre o risco de que as medidas do goberno de redución afecten a estas obras parece que non hai risco ningún, nin tampouco a Base de Salvamento Marítimo xa que non computan no déficit do Estado e por tanto aí non se aplican recortes. Por último roga o sr. alcalde que os rogos sobre fochas, gabias, ratas, rede de sumidoiros e demais se fagan na Comisión Informativa correspondente.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro José Antonio López Rodríguez para responder en relación ao semáforo e di que en Comisión basicamente deu conta do que se estaba a facer, polo que quere ler a acta xa que comentou que se estaba a quitar o semáforo para reubicalo no cruce e que se falara con Fomento e que dera varias solucións,

incluso o de facer unha arcada, pero que o luns se falara con Electricidad Permuy quen suxeriu a solución definitiva que era o que se estaba a facer, polo menos foi o que quixo dicir, a reserva da lectura da acta, e coma o voceiro do PP pregunta sobre diso, quixo dar conta diso naquel momento. Respecto dos voluminosos di que se recollen ao longo do día, que se comeza moi cedo e se remata ao longo da mañá, incluso a primeira hora tarde, e hai zonas de camiños moi estreitos ou nos que o camiión entra con dificultade polo que están vindo incluso algún xoves. En relación ao camiño do Regueiro di o concelleiro que a vontade é poñelo, coma xa se dixo na Comisión, polo que hai moitas baixas, hai outras prioridades, se están cos desbroces e a intención deste goberno e poñelo. Respecto dos desbroces si hai planificación pero con certas limitacións técnicas provocadas pola máquina e se está a expensas do subministro do novo tractor. Respecto da limpeza dos colectores do lixo se fixo unha limpeza moi forte agora de todos os colectores do Concello e cara a un mes, mes e medio hai intención de darlle outro repaso, polo menos, aos máis problemáticos.

A continuación o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, que fai uso da palabra para rogar que se retire o depósito de aceite en Fonte Campo e pregunta si xa comezou a limpeza das praias e quere saber cando remata. Tamén pregunta en relación a obra de Barallobre e di que hai máis dun mes dicía Deputación que a ía contratar, e quere saber coma está o tema. Tamén pregunta ao sr. alcalde sobre as xestións que se ían facer en relación ao centro social e pregunta tamén sobre o sistema de xestión de licenzas, se o goberno ten algo avanzado.

De seguido intervén o sr. alcalde que comeza a respostar estas últimas preguntas, respecto ao centro social di que se fixo o que se falara aquí no Pleno, que ao día seguinte se remitiu solicitude de reunión ao Delegado Provincial da Xunta da Coruña para unha xuntanza con todos os grupos políticos e representantes dos usuarios para tratar este tema e a día de hoxe non hai resposta, ademais aproveitando o Consello de administración do Porto tivo a oportunidade de recordarlle isto mesmo e contestoulle que non había problema para a reunión e en relación coa obra a facer díxolle que estaban a cadrar o financiamento para a poder facer e que por terceira vez o día de hoxe falou co xefe do seu gabinete para recordarlle a reunión e outras cuestións coma o uso da cafetería sen a cociña, que posteriormente recibiu unha chamada da Xunta que dicía que o problema xa estaba solucionado e que no día de mañá se volve a abrir a cafetería coa adjudicación a unha persoa que presentou oferta e se estimou conveniente, e que volveu a reiterar a solicitude da devandita xuntanza ao que contestaron que se xestionaría e se lles daría unha data e que unha vez se saiba se dará traslado a todos os grupos. En relación coas chamadas licenzas expres dicir que hai unha iniciativa posta en marcha polo Concello da Coruña, que foi o primeiro en implantalo en Galicia, e ao concelleiro de urbanismo e a el pareceulles unha boa iniciativa e o que fixeron foi ir ata o Concello da Coruña para reunirse coa concelleira de urbanismo e os responsables técnicos para saber como o implantaran, en que se basearan e como funciona e sucintamente pódese dicir que consiste en outorgar de xeito inmediato todas aquelas licenzas de obras menores, entendendo por menores as que non afecten as estruturas dos edificios, e tamén coas licenzas de actividade, e outorgar permisos para aquelas obras que non necesitan permiso, que é contestar dicindo que a devandita obra non precisa permiso, e quedarían excluídas disto as licenzas de obra maior e de primeira ocupación; que a idea lles parece boa, que foron ver como funcionaban e tendo en conta que a realidade da Coruña e Fene son ben distintas e saben que as sete cidades de Galicia o van poñer en marcha proximamente e varios concellos do noso tamaño o está a estudar tamén, e agora o que van facer é dedicarlle un tempo para o seu análises con Secretaría, fundamentalmente, e a Área de Urbanismo para intentar poñelo en marcha en Fene, que van facer todos os esforzos para podelo facer xa que suporía unha gran axilidade e aforro de tempo para os veciños e para o Concello.

A continuación fai uso da palabra a concelleira Amalia García Balado que resposta en relación aos problemas da Fonte Campo sinala que hai un problema cos bidóns para o aceite, hai dous, un para o aceite vexetal e outro para o mineral, e non dan controlado quen é o taller que enche os dous bidóns con aceite mineral, e que as retiradas as fan dúas compañías diferentes e hoxe falei con eles e me dixeron que mañá retirarán tres mil litros de aceite mineral, e o problema está en que hai un taller que enche os bidóns de aceite vexetal e que a compañía que retira este tipo de aceite non o quere levar, por non ser o aceite que xestiona, polo que van intentar saber quen é o que o está a utilizar mal. Respecto da limpeza das praias di que comezaron o luns, comezouse coma sempre cos desbroces, vaise facer a limpeza da propia praia, de todo o perímetro e o mantemento das duchas, que sobre a ducha do Carril non sabe si se arranxa pero que se vai arranxar.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro José Antonio López Rodríguez que di que as beirarrúas de Barallobre que foi aprobadas hoxe en Xunta de Goberno Local, coa redución de prazos á metade, e falando de memoria e con todas as cautelas correspondentes di que o prazo para presentar a documentación é ata o día doce.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás oito horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretario xeral, dou fe.

Visto e praxe,  
O Alcalde-Presidente

Iván Puentes Rivera

O secretario,

Jesús Tallón García